

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 20 DE MAIO DE 2020

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas e trinta minutos do día vinte de maio de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Councilbox, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Faise constar, igualmente, que das persoas relacionadas anteriormente, asistiron á sesión con carácter presencial, no despacho da Alcaldía municipal, don Óscar A. García Patiño, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Mónica Varela Germade e dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 13 de maio de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de data 13 de maio de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 5 de maio de 2020, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2020-2021. (Diario Oficial de Galicia número 92, do 13 de maio de 2020).

- Orde do 8 de maio de 2020, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se modifican parcialmente determinados prazos das bases reguladoras e ordes de convocatoria de subvencións no ámbito da

formación profesional para o emprego, como consecuencia da situación creada pola evolución da epidemia do COVID-19. (Diario Oficial de Galicia número 93, do 14 de maio de 2020).

- Orde do 5 de maio de 2020, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se precede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o ano 2020. (Diario Oficial de Galicia número 93, do 14 de maio de 2020).

- Orde do 4 de maio de 2020, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. (Diario Oficial de Galicia número 94, do 15 de maio de 2020).

- Resolución do 13 de maio de 2020, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se continúa o prazo de presentación de solicitudes da Orde do 20 de febreiro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos. (Diario Oficial de Galicia número 95, do 18 de maio de 2020).

- Resolución do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO106: Subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2020. (Boletín Oficial da Provincia número 70, do 19 de maio de 2020).

Concédesse ao Concello de Cambre unha subvención de 15.000 euros para o "Mantemento de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2020".

- Decreto 72/2020, do 18 de maio, da Presidencia da Xunta de Galicia, de convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 96, do 19 de maio de 2020)

- Resolución do 8 de maio de 2020, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva e en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2020, no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas. (Diario Oficial de Galicia número 96, do 19 de maio de 2020).

3º. Expediente de contratación

3.1. Adxudicación do contrato para a execución da obra de "Pavimentación da rotonda de acceso á Barcala e complementaria de instalación eléctrica", a prol da empresa CANARGA, S.L., no prezo ofertado de 39.297,52 € sen IVE, 47.550,00 IVE incluído. Exp. 2020/C002/000066

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de maio de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 14 de abril de 2020, emítase informe pola Policía Local de Cambre, no que se indica que o acceso á Urbanización da Barcala se atopa en estado deplorable, o que supón unha gran perigosidade sendo urxente que se solucione pola responsabilidade a que poida dar lugar un sinistro.

Con data 21/04/2020 elaborouse polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito a memoria valorada para a obra denominada "Pavimentación da rotonda de acceso á Barcala e complementarias de instalación eléctrica", cun orzamento de 39.519,08 €, sen IVE, 47.818,09 €, IVE incluído.

Con data 23/04/2020 emítase proposta-informe de necesidade de contratación, asinado polo arquitecto municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado na necesidade de garantir o acceso sen accidentes á urbanización da Barcala e adaptar a instalación de iluminación exterior á normativa eléctrica co fin de que o seu funcionamento sexa compatible coa normativa aplicable, dando cumprimento ás competencias propias que ostenta o concello na materia de infraestrutura viaria, conforme se estipula no artigo 25.2. d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sendo, ademais, o acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas un servizo mínimo obrigatorio segundo o artigo 26.1.a) da citada lei 7/1985; isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP.

As obras e a súa urxencia xustifícanse na situación de deterioro total da rotonda de acceso á urbanización, facendo impracticable parte do carril de circulación que rodea a dita rotonda, o que produce problemas serios entre os vehículos que circulan a diario por esta zona e incluso dificulta a utilización da parada de autobús recentemente remodelada, e tendo en conta que nesta zona xa se realizaron diversos intentos de mellora e reparación, mediante aporte tanto de zahorra como de formigón, non resultando efectivos e acabando ao pouco tempo manténdose a zona en igual estado de perigo para a circulación, podendo dar lugar a algún accidente de tráfico coa conseguinte reclamación patrimonial ao Concello. Indícase no informe-proposta de necesidade que se aproveitará esta actuación para realizar un rebacheo xeral de rúas da urbanización A Barcala; así como a execución dun paso de peóns sobreelevado conectando a mazá cunha actuación exterior, na estrada da Deputación, realizada recentemente, e se xustifica a non división en lotes do obxecto do contrato pola natureza, urxencia e dimensións das obras a executar, pois a realización independente das distintas unidades dificultaría a correcta e rápida execución da obra e a obtención do obxecto do contrato, por estar todas intimamente vinculadas de forma que a súa coordinación complicaría e alargaría a execución dos traballos de forma innecesaria, ocasionando sobre custos pola pouca entidade das unidades que constituirán cada un dos lotes posibles.

Con data 24/04/2020 emítase documento de retención de crédito pola Intervención municipal, no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 2020 1532 61900.

Con data 7/05/2020 emítase informe polo arquitecto municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES PAN Y DÍAZ, S.L.
- CONSTRUCCIONES ROCHA CORRAL, S.L.
- CANARGA, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta IVE incluído
CONSTRUCCIONES PAN Y DÍAZ, S.L.	47.818,09€
CONSTRUCCIONES ROCHA CORRAL, S.L.	47.795,00€
CANARGA, S.L.	47.550,00€

formulando proposta de adjudicación da actuación de “Pavimentación da rotonda de acceso á Barcala e complementarias de instalación eléctrica”, a prol da empresa CANARGA, S.L., con NIF *****0902 e domicilio en rúa Gambrinus 99, Pol. Ind. A Grela -15008 A Coruña, no prezo ofertado de 39.297,52 € sen IVE, 47.550,00€ IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 11 de maio de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 126/2020- Reparo 57 R, emitido polo interventor da Corporación con data do 14/05/2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria, pavimentación das vías públicas e acceso aos núcleos de poboación, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

Vistos os informes emitidos pola secretaria xeral da Corporación con datas do 20 e 26 de marzo respectivamente, en relación coa tramitación de procedementos durante o estado de alarma decretado por Real decreto 463/2020 do 14 de marzo.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo,

Tendo en conta, así mesmo, que, de conformidade co disposto na Disposición Adicional terceira do Real decreto 463/2020 do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 suspendéronse os termos e interrompéronse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, se ben, tal e como consta nos informes emitidos pola secretaria xeral da Corporación con datas dos días 20 e 26 de marzo de 2020, poderá continuarse cos procedementos cando os interesados presten a súa conformidade con que non se suspendan os prazos, e toda vez que consta no presente expediente a conformidade das empresas invitadas para continuar co procedemento, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a memoria valorada para a actuación denominada “Pavimentación da rotonda de acceso á Barcala e complementarias de instalación eléctrica”, elaborada polo arquitecto municipal e cun orzamento de 39.519,08 €, sen IVE, 47.818,09 €, IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2020 1532 61900.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000066, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do

sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para execución da obra de “Pavimentación da rotonda de acceso á Barcala e complementarias de instalación eléctrica”, a prol da empresa CANARGA, S.L., con NIF *****0902 e domicilio en rúa Gambrinus 99, Pol. Ind. A Grela -15008 A Coruña, no prezo ofertado de 39.297,52 € sen IVE, 47.550,00€ IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incursa en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como director de obra e responsable do contrato ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, director da obra e responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Faise constar que don Juan González Leirós exerceu o seu dereito a voto a man alzada e don Diego Alcantarilla Rei por vía telefónica, ao fallar a súa conexión a través da plataforma Councilbox.

3.2. Adxudicación da subministración e instalación de estores e rotulación de cristais da Biblioteca Central de Cambre á entidade Toldos Breogán, S.L., no prezo ofertado de 11.405,00 euros sen IVE, 13.800,05 euros IVE incluído. Exp. 2020/C002/000007

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de maio de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 11/02/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola

concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade da contratación para a “Subministración e instalación de estores e rotulación de cristais da Biblioteca Central de Cambre” nas competencias propias do Concello en materia de ocupación do tempo libre, e promoción da cultura, que recolle o artigo 25.2, apartados l) e m) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local. Ademais, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, establece na súa exposición de motivos, primeiro parágrafo, que *“as bibliotecas constitúen servizos culturais e informativos da máxima relevancia para unha sociedade avanzada. A través delas posibilitase o cumprimento de importantes mandatos constitucionais, como son o acceso de todos e todas á cultura, a participación da cidadanía na vida cultural e a conservación e promoción do patrimonio cultural do pobo galego de acordo co artigo 46 da Constitución, do que o patrimonio bibliográfico forma parte”*. O dito informe inclúe a memoria valorada da subministración, elaborada polo coordinador de actividades culturais e educativas, cun orzamento de 11.555,00 euros sen IVE, 13.981,55 euros IVE incluído.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios técnicos e humanos necesarios para a execución dos traballos obxecto da contratación, considérase necesaria a contratación dunha empresa externa para a súa realización.

Con data 17/02/2020 emítase documento contable de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 334.62500.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 6/03/2020 emítase informe polo coordinador de actividades culturais e educativas no que consta que foron invitados os seguintes licitadores:

- Toldos Breogán, S.L.
- Aleux Rotulación, S.L.
- Luz Coruña, S.L.

e que presentaron oferta os licitadores que a continuación se relacionan:

Empresa	PREZO OFERTADO (IVE incluído)
Toldos Breogán SL	13.800,05 €
Luz Coruña SL	13.861,76 €
Aleux Rotulación S.L.	13.872,65 €

formulando proposta de adxudicación da “Subministración e instalación de estores e rotulación de cristais da Biblioteca Central de Cambre”, á entidade Toldos Breogán, S.L. co CIF: B701***** e domicilio en rúa Bell 60 Parc. 15 Polígono Espírito Santo - 15650 Cambre, no prezo ofertado de 11.405,00 euros máis o 21% de IVE, que supón un total de 13.800,05 euros (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración establecido (prezo máis baixo), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras,

servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral de data 12/03/2020, e mailo informe de fiscalización número 97/2020 – Reparos 44 R, emitido polo interventor da Corporación con data do 15/4/2020.

Visto o informe do arquitecto municipal, de data 8 de maio de 2020, relativo aos reparos formulados pola Intervención municipal, no que conclúe que a contratación de estores débese a unha modificación na programación das obras a realizar na Casa da Cultura, polo que se trata dunha cuestión impredecible, e que a colocación de estores debe tratarse como unha instalación da propia edificación desvinculándose do mobiliario.

Tendo en conta a Resolución da Alcaldía nº 609/2020 de 11 de maio na que, á vista do informe do arquitecto municipal, se levanta o reparo formulado.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de ocupación do tempo libre, e promoción da cultura, que recolle o artigo 25.2, apartados l) e m) da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

Vistos os informes emitidos pola secretaria xeral da Corporación con datas do 20 e 26 de marzo respectivamente, en relación coa tramitación de procedementos durante o estado de alarma decretado por Real decreto 463/2020 do 14 de marzo.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo,

Tendo en conta, así mesmo, que, de conformidade co disposto na Disposición Adicional terceira do Real decreto 463/2020 do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 suspendéronse os termos e interrompéronse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, se ben, tal e como consta nos informes emitidos pola secretaria xeral da Corporación con datas dos días 20 e 26 de marzo de 2020, poderá continuarse cos procedementos cando os interesados presten a súa conformidade con que non se suspendan os prazos, e toda vez que consta no presente expediente a conformidade da empresa proposta como adxudicataria para continuar co procedemento, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a memoria da actuación consistente na subministración e instalación de estores e rotulación de cristais da Biblioteca Central de Cambre, por un importe de 11.555,00 euros sen IVE, 13.981,55 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2020 334.62500.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000007, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato da subministración e instalación de estores e rotulación de cristais da Biblioteca Central de Cambre á entidade Toldos Breogán, S.L. co CIF: B701**** e domicilio en rúa Bell 60 Parc. 15

Polígono Espírito Santo - 15650 Cambre, no prezo ofertado de 11.405,00 euros máis o 21% de IVE, que supón un total de 13.800,05 euros (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración establecido (prezo máis baixo), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal, don José Luís Martínez Názara, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal, don José Luís Martínez Názara, responsable do contrato, así como aos departamentos de Urbanismo e Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Faise constar que don Diego Alcantarilla Rei exerceu o seu dereito a voto por vía telefónica, ao fallar a súa conexión a través da plataforma Councilbox.

3.3. Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C005/000001, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación, mediante aplicación de fórmulas, correspondente á subministración de trofeos para eventos/competicións organizadas e/ou patrocinadas polo Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de maio de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 7 de maio de 2020, asínase polo animador deportivo, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas, e máis do concelleiro-delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude o informe técnico relativo ao inicio do expediente de contratación para a subministración de trofeos para eventos /competicións organizadas e/ou patrocinadas polo Concello de Cambre, que contén os criterios de valoración das proposicións, solvencia, penalidades, e mailas condicións especiais de execución do contrato.

Con data do 11 de maio de 2020, elaborouse polo animador deportivo, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento, así como, coa mesma data, o prego de prescricións técnicas para a contratación da subministración de trofeos para eventos /competicións organizadas e/ou patrocinadas polo Concello de Cambre, cun valor estimado de 20.266,40 euros e un orzamento base de licitación de 22.293,04 euros IVE incluído.

Consta Informe de Intervención emitido o 10 de marzo de 2020 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 341.22609.

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 13 de maio actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría xeral e máis do interventor municipais, de data 18 de maio de 2020, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta que, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Oitava do *Real Decreto-Lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do Covid-19*, na que se acorda o levantamento da suspensión dos termos e interrupción dos prazos dos procedementos de contratación que se establecera pola disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, **e se permite que se inicie a tramitación de novos procedementos de contratación, a condición de que a súa tramitación se realice por medios electrónicos**, propoño á Xunta de Goberno Local á adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento das competencias que ten atribuídas o concello, de conformidade co establecido no artigo 25.2 l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (o concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “... *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre*”), quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C005/000001, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación, mediante aplicación de fórmulas, correspondente á subministración de trofeos para eventos /competicións organizadas e/ou patrocinadas polo Concello de Cambre, cun valor estimado de 20.266,40 euros e un orzamento base de licitación para os dous anos de contrato de 22.293,04 euros IVE incluído, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.6 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 341.22609, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sexto: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Faise constar que don Diego Alcantarilla Rei exerceu o seu dereito a voto por vía telefónica, ao fallar a súa conexión a través da plataforma Councilbox.

4º. Toma de coñecemento da Resolución da Alcaldía núm. 631/2020, do 14 de maio, de indemnización por prestación do servizo de actividades socioculturais do Concello de Cambre

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados da Resolución de Alcaldía núm. 631/2020, do 14 de maio, que se transcribe literalmente a continuación:

«Por resolución nº 77/2020 do 16 de xaneiro actual, do concelleiro-delegado de Cultura, Deportes e Xuventude, acordouse aprobar a continuación do proxecto de actividades socioculturais de xaneiro a maio de 2020, segundo proposta da dinamizadora cultural coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas municipal, así como autorizar un gasto por importe de 18.078,08 euros IVE incluído, que se corresponde co importe total do período de xaneiro a maio do ano en curso.

Non consta no Departamento de Contratación Municipal formalización de contrato ningún coa empresa “Axiña Servicios Deportivos, S.L.” para a prestación das actividades socioculturais obxecto deste informe.

Non obstante, e tal e como se deduce do informe emitido polo coordinador da área de Cultura e Educación municipal de data 14 de abril de 2020, o servizo está prestándose.

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, supuxo a adopción de diferentes medidas polas tres Administracións para tratar de conter a propagación da enfermidade.

No Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, establécense unha serie de medidas para evitar os efectos negativos sobre o emprego e a viabilidade empresarial derivados da suspensión de contratos públicos, tratando de evitar a resolución de contratos públicos e que as medidas adoptadas polas diferentes administracións teñan un impacto estrutural negativo sobre esta parte do tecido produtivo.

Entre esas medidas inclúese a suspensión total ou parcial da execución de contratos en vigor cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou das medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo.

Con data 6 de abril de 2020 rexistrouse de entrada ao núm. 900/728 escrito de “declaración responsable” presentado pola empresa “Axiña Servicios Deportivos, S.L.” no que indica que a súa prestación se ve afectada *“e polo tanto se imposibilita a súa execución como consecuencia do Covid-19 ou ben polas medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou polas entidades locais para combatelo”*, polo que indica que *“quedou automaticamente suspendido e ata que dita prestación poida reanudarse”*

Especifica que a prestación se executa con base ao orzamento 13/2019 CURSOS que foi presentado por rexistro telemático o día 6 de setembro de 2019, con número de rexistro de entrada 201999900001378.

No escrito declara os motivos polos que a execución do contrato devén imposible, indicado que *“A actividade entra dentro das recollidas no Anexo I do Real Decreto do 14 de marzo de 2020 do Goberno de España, polo que se impoñen limitacións á liberdade de circulación e contencións nos ámbitos laborais, educativo, comercial, recreativo, hostaleiro, de restauración e demais restricións a consecuencia da emerxencia xurdida pola pandemia internacional do Coronavirus (Covid-19). Ademais, o propio Concello publicou o día 12 de marzo un Bando Municipal no que se indicaba a suspensión das actividades desde o venres 13 de marzo.”*

Tamén indica a relación do persoal adscrito ao contrato (8 persoas), así como os gastos que entende imputables ao servizo e correspondentes ao mes de marzo de 2020, dos días 13 ao 31 de marzo (se ben non achega documentación xustificativa). Non relaciona as dependencias, vehículos, maquinaria, instalacións e equipos adscritos ao contrato, e non indica os motivos que imposibilitan o emprego destes medios citados noutro contrato, especificando neste apartado que *“Todos os gastos son imputables directamente ao servizo”*.

Ademais, indica que a parte do custo do persoal encargado de impartir cada unha das actividades *“a empresa tamén ten o custo da persoa encargada da coordinación do servizo e o material (fotocopias) que ía destinar á actividade de reforzo Memoria e que non poden ser utilizadas en ningunha das outras actividades que imparte a empresa”*.

Cuantifica o importe dos danos en 1.259,59 euros no que se refire a persoal, e 188,72 euros en outros gastos.

Con data 29 de abril de 2020 emítese informe pola dinamizadora cultural municipal, no que indica que dende o 14 de marzo o servizo está suspendido e que a súa execución devén imposible como consecuencia das medidas tomadas polo goberno estatal para combater a crise sanitaria provocada polo Covid-19, en concreto pola restrición da mobilidade, o que tivo como consecuencia a imposibilidade de continuar co servizo, xa que a prestación esixe a presenza física dos interesados.

Así mesmo, indica a dinamizadora cultural no seu informe que, como consecuencia do anterior, suspendeuse totalmente a execución do contrato.

Faise constar que con data 12 de marzo de 2020 ditouse un bando da Alcaldía no que se adoptaron determinadas medidas entre as que figura, segundo transcripción literal:

“TERCEIRO: Cancelación de todo os eventos culturais, deportivos e/ou xuvenís -incluído o Cityplan – organizados polo concello. Todas as actividades quedarán canceladas desde mañá, venres 13 de marzo.”

A empresa ten pendente de presentar a documentación que acredite de maneira fidedigna os gastos que efectivamente lle supón esta situación, cuxo análise e verificación está pendente de realizar e concretar á vista do tempo efectivo de suspensión, ou do momento de abono periódico da indemnización correspondente, no seu caso.

Visto o informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais de data 14 de maio de 2020.

Tendo en conta que o recoñecemento da indemnización o é con base no instituto da responsabilidade patrimonial da administración, materia que quedou residenciada nesta Alcaldía, tal e como se deriva das Resolucións núm. 1314/20219 e núm. 1323/2019, do 1 de xullo, respecto da creación de áreas e delegación de atribucións da Alcaldía nos membros da Xunta de Goberno Local e noutros concelleiros e concelleiras,

RESOLVO:

Primeiro: Recoñecer á empresa “Axiña Servicios Deportivos, S.L.” o dereito a reclamar do Concello de Cambre unha indemnización ao ter quedado acreditado que ata o 14 de marzo de 2020 veu prestando, sen contrato, o servizo de actividades socioculturais do Concello de Cambre, servizo que deixou de prestar como consecuencia da entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Todo isto motivado na prohibición da contratación verbal por parte das entidades do sector público, contida no artigo 37.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e a institución da responsabilidade patrimonial, artigo 106.2 da Constitución Española e artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Segundo: Requirir á empresa para que acredite de forma fidedigna a realidade, efectividade e contía de todos os gastos ocasionados ao non poder continuar coa prestación do servizo, achegando:

- respecto de cada traballador, copia do contrato, informe de vida laboral dun código ou conta corrente de cotización no suposto de traballadores do cadro de persoal, así como xustificante de ter aboado a nómina e ter aboado a cotización á Seguridade Social
- copia dos contratos de aluguer, seguros, facturas, etc., e xustificante de aboamento dos gastos que tivera soportado
- documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como de alta no Imposto de actividades económicas con data 14 de marzo de 2020
- demais documentos que a empresa considere necesario achegar

Todo isto sen prexuízo de que a Intervención municipal poida solicitar as aclaracións correspondentes respecto da información que conste nos citados documentos, ou poida solicitar a documentación complementaria que estime precisa.

A indemnización só procede respecto dos gastos ocasionados con anterioridade á notificación do presente acordo.

Xustificados os gastos, efectuarase un único aboamento polo importe total da indemnización.

Terceiro: Notificar os presentes acordos á empresa, facéndolle saber que, de conformidade coa Disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, os prazos para presentar os recursos correspondentes quedan suspendidos ata que perda vixencia a suspensión, ou as súas posibles prórrogas.

Unha vez sexa levantado o estado de alarma, ou as súas posibles prórrogas, contra o presente acordo, e toda vez que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Cuarto: Notifíquese ao responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención municipal para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Quinto: Para o suposto de que se considere necesario a prestación do servizo con posterioridade á finalización do estado de alarma, deberá regularizarse a situación mediante a incoación do correspondente expediente de contratación para o efecto.

Sexto: Déase conta á Xunta de Goberno Local, na seguinte sesión que teña lugar, para o seu coñecemento.»

5º. Toma de coñecemento da Resolución da Alcaldía núm. 632/2020, do 14 de maio, de indemnización por prestación do servizo de escolas de actividade física e de saúde e actividades físico-recreativas de verán municipais, promovidas polo Departamento de Deportes do Concello de Cambre

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados da Resolución de Alcaldía núm. 632/2020, do 14 de maio, que se transcribe literalmente a continuación:

«Por Acordo de Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2016 foi adxudicado o contrato para a prestación do “Servizo de escolas de actividade física e de saúde e actividades físico-recreativas de verán municipais, promovidas polo Departamento de Deportes do Concello de Cambre”, á empresa “Axiña Servizos Deportivos, S.L.”, con CIF B15835721, polos prezos por actividade que constan no contrato, e que supoñen un máximo anual de 50.278,92 euros IVE incluído (e un total contractual de 150.836,76 euros IVE incluído).

O contrato foi formalizado o día 1 de decembro de 2016 e, segundo o establecido na súa cláusula cuarta, de conformidade co disposto na cláusula 19 do Prego de cláusulas administrativas particulares, o seu prazo de execución é de dous anos prorrogable por outro ano máis, de xeito que, por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre de data 18 de setembro de 2018, o contrato foi prorrogado ata o 1 de decembro de 2019, data na que finalizou o seu prazo de execución.

Non obstante, e tal e como se deduce do informe emitido polo coordinador da área de Cultura e Educación municipal de data 14 de abril de 2020, o servizo continuou prestándose.

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, supuxo a adopción de diferentes medidas polas tres Administracións para tratar de conter a propagación da enfermidade.

No Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, establécense unha serie de medidas para evitar os efectos negativos sobre o emprego e a viabilidade empresarial derivados da suspensión de contratos públicos, tratando de evitar a resolución de contratos públicos e que as medidas

adoptadas polas diferentes administracións teñan un impacto estrutural negativo sobre esta parte do tecido produtivo.

Entre esas medidas inclúese a suspensión total ou parcial da execución de contratos en vigor cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou das medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo.

Con data 6 de abril de 2020 rexistrouse de entrada ao núm. 900/729 escrito de “declaración responsable presentado pola empresa, “Axiña Servicios Deportivos, S.L.” no que indica que a súa prestación se ve afectada *“e polo tanto se imposibilita a súa execución como consecuencia do Covid-19 ou ben polas medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou polas entidades locais para combatelo”*, polo que indica que *“quedou automaticamente suspendido e ata que a dita prestación poida reanudarse”*.

No escrito declara os motivos polos que a execución devén imposible, indicando que *“A actividade entra dentro das recollidas no Anexo I do Real Decreto do 14 de marzo de 2020 do Goberno de España, polo que se impoñen limitacións á liberdade de circulación e contencións nos ámbitos laborais, educativo, comercial, recreativo, hostaleiro, de restauración e demais restricións a consecuencia da emerxencia xurdida pola pandemia internacional do Coronavirus (Covid-19). Ademais, o propio Concello publicou o día 12 de marzo un Bando Municipal no que se indicaba a suspensión das actividades desde o venres 13 de marzo.”*

Tamén indica a relación do persoal adscrito ao contrato (4 persoas), así como os gastos que entende imputables ao servizo e correspondentes ao mes de marzo de 2020, do 14 ao 31 de marzo (se ben non achega documentación xustificativa). Non relaciona as dependencias, vehículos, maquinaria, instalacións e equipos adscritos ao contrato, e non indica os motivos que imposibilitan o emprego destes medios citados noutro contrato, especificando neste apartado que *“Todos os gastos son imputables directamente ao servizo”*.

Cuantifica o importe dos danos en 696,68 euros no que se refire a persoal, e 452,96 euros en outros gastos.

Con data 14 de abril de 2020 emítese informe polo coordinador da Área de Cultura e Educación municipal, no que indica que dende o 14 de marzo o servizo está suspendido e que a súa execución devén imposible como consecuencia das medidas tomadas polo goberno estatal para combater a crise sanitaria provocada polo Covid-19, en concreto pola restrición da mobilidade, o que tivo como consecuencia a imposibilidade de continuar co servizo, xa que a prestación esixe a presenza física dos interesados.

Faise constar que con data 12 de marzo de 2020 ditouse un bando da Alcaldía no que se adoptaron determinadas medidas entre as que figura, segundo transcripción literal:

“TERCEIRO: Cancelación de todo os eventos culturais, deportivos e/ou xuvenís -incluído o Cityplan – organizados polo concello. Todas as actividades quedarán canceladas desde mañá, venres 13 de marzo.”

A empresa non presentou a documentación que acredite de maneira fidedigna os gastos que efectivamente lle supón esta situación.

Visto o informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais de data 14 de maio de 2020.

Tendo en conta que o recoñecemento da indemnización o é con base no instituto da responsabilidade patrimonial da administración, materia que quedou residenciada nesta Alcaldía, tal e como se deriva das Resolucións núm. 1314/20219 e núm. 1323/2019, do 1 de xullo, respecto da creación de áreas e delegación de atribucións da Alcaldía nos membros da Xunta de Goberno Local e noutros concelleiros e concelleiras,

RESOLVO:

Primeiro: Recoñecer á empresa “Axiña Servicios Deportivos, S.L.” o dereito a reclamar do Concello de Cambre unha indemnización ao ter quedado acreditado que ata o 14 de marzo de 2020 veu prestando, sen contrato, o servizo de escolas de actividade física e de saúde e de actividades físico-recreativas de verán municipais, servizo que deixou de prestar como consecuencia da entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Todo isto motivado na prohibición da contratación verbal por parte das entidades do sector público, contida no artigo 37.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e a institución da responsabilidade patrimonial, artigo 106.2 da Constitución Española e artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Segundo: Requirir á empresa para que acredite de forma fidedigna a realidade, efectividade e contía de todos os gastos ocasionados ao non poder continuar coa prestación do servizo, achegando:

- respecto de cada traballador, copia do contrato, informe de vida laboral dun código ou conta corrente de cotización no suposto de traballadores do cadro de persoal, así como xustificante de ter aboado a nómina e ter aboado a cotización á Seguridade Social
- copia dos contratos de aluguer, seguros, facturas, etc., e xustificante de aboamento dos gastos que tivera soportado
- documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como de alta no Imposto de actividades económicas con data 14 de marzo de 2020
- demais documentos que a empresa considere necesario achegar

Todo isto sen prexuízo de que a Intervención municipal poida solicitar as aclaracións correspondentes respecto da información que conste nos citados documentos, ou poida solicitar a documentación complementaria que estime precisa.

A indemnización só procede respecto dos gastos ocasionados con anterioridade á notificación do presente acordo.

Xustificados os gastos, efectuarase un único aboamento polo importe total da indemnización.

Terceiro: Notificar os presentes acordos á empresa, facéndolle saber que, de conformidade coa Disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, os prazos para presentar os recursos correspondentes quedan suspendidos ata que perda vixencia a suspensión, ou as súas posibles prórrogas.

Unha vez sexa levantado o estado de alarma, ou as súas posibles prórrogas, contra o presente acordo, e toda vez que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a

Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Cuarto: Notifíquese ao responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención municipal para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Quinto: Para o suposto de que se considere necesario a prestación do servizo con posterioridade á finalización do estado de alarma, deberá regularizarse a situación mediante a incoación do correspondente expediente de contratación para o efecto.

Sexto: Déase conta á Xunta de Goberno Local, na seguinte sesión que teña lugar, para o seu coñecemento.»

6º. Informe das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos concelleiros delegados de área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 11 de maio ao día 15 de maio do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 607/2020 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 636/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
607/2020	11-05-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 13 de maio de 2020
608/2020	11-05-2020	Continuación durante o estado de alarma do expediente de responsabilidade patrimonial 2018/P001/000015 incoado a instancia de M.C.P.S., por prestar consentimento a interesada.
609/2020	11-05-2020	Levantamento de reparos do expediente de subministración e instalación de estores e rotulación de cristais da Biblioteca Central de Cambre
610/2020	11-05-2020	Determinación de franxas horarias para actividade física nos núcleos de poboación da parroquia de Cambre
611/2020	11-05-2020	Licenza de primeira ocupación para a vivenda sita en Andeiro, promovida por Abanca Corporación División Inmobiliaria, S.L.
612/2020	11-05-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcelas sitas en Bribes. Propiedade: M.S.L.
613/2020	11-05-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Pravio, con árbores en perigo de caída. Propiedade: Herdeiros de R.C.M.
614/2020	11-05-2020	Solicitud de prórroga da comisión de servizos de M.R.H.S.
615/2020	12-05-2020	Expediente núm. 4/2020 de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2019 ao 2020.
616/2020	12-05-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 27.150,76 euros
617/2020	12-05-2020	Contrato de adquisición de gafas para traballadores dos centros de saúde do Concello de Cambre
618/2020	12-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a M.M.R.R. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto

619/2020	12-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a E.F.V. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
620/2020	12-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a L.R.V. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
621/2020	13-05-2020	Aprobación do proxecto e solicitude de axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede de reservas da biosfera de Galicia.
622/2020	13-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a M.C.M.E. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
623/2020	13-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a A.E.G. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
624/2020	13-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a E.V.H.R. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
625/2020	13-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a A.L.B. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
626/2020	13-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a J.F.V.F. por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
627/2020	13-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a M.J.M.E. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
628/2020	13-05-2020	Concesión axuda aluguer a C.A.P. por importe de 290 euros
629/2020	14-05-2020	Aprobación das liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de marzo de 2020
630/2020	14-05-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 52.706,58 euros
631/2020	14-05-2020	Indemnización por prestación do servizo de actividades socioculturais do Concello de Cambre
632/2020	14-05-2020	Indemnización por prestación do servizo de escolas de actividade física e de saúde e actividades físico-recreativas de verán municipais, promovidas polo Departamento de Deportes do Concello de Cambre
633/2020	15-05-2020	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de abril de 2020 e o seu pagamento.
634/2020	15-05-2020	Aprobación de certificacións correspondentes á obra "Ampliación do saneamento en Nebrixe (Bribes)", POS+ Adicional 1/2018, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes as facturas por importe total de 11.629,99 euros, así como o seu pagamento
635/2020	15-05-2020	Aprobación de certificacións correspondentes á obra "Ampliación do saneamento no Vilar (Sigrás)", POS+ Adicional 1/2018, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes as facturas por importe total de 28.562,63 euros, así como o seu pagamento
636/2020	15-05-2020	Aprobación do protocolo de actuación no Concello de Cambre para a reanudación da actividade presencial no contexto da crise do Covid19

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.



O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria
María Luisa de la Red Ampudia